

Festival Sinsal

SON Estrella Galicia

festival.sins.al

25-26-27
Xullo 2025

Illa de San Simón

O Festival Sinsal despídese este domingo 27 con formacións de Austria, Arxentina, España, Marrocos, Reino Unido, Suecia e Uganda

Catro estreas a nivel estatal e outras tres en Galicia, entre as que inclúe unha banda de apertura dos Rolling Stones, daranse cita mañá en San Simón

Isabel Díaz e Pedro Blázquez, dous nomes históricos da cultura de club e das ondas radiofónicas, pecharán este ano as Audicións Malmequeres

O público poderá coñecer o patrimonio histórico e natural do arquipélago co roteiro 'Descubre San Simón' e participar nunha visita guiada coas mulleres e homes da asociación mariñeira Amarturmar, na que falarán sobre a enseada e a súa biodiversidade

Redondela, 26 de xullo de 2025.- O Festival Sinsal SON Estrella Galicia despídese mañá de San Simón cunha ampla programación cultural singular, e que abrangue desde unha das bandas de apertura dos Rolling Stones até unha formación cualificada pola crítica especializada como "purificadora da alma". **Dez bandas e solistas procedentes de Austria, Arxentina, España, Marrocos, Reino Unido, Suecia e Uganda completarán a última grella de programación que queda por descubrir** deste Sinsal, e que o público só coñecerá ao desembarcar este domingo 27, a partir das 12:00 horas, na illa.

Na terceira e derradeira xornada desta edición, Sinsal ofrecerá **catro estreas a nivel estatal e tres primicias en Galicia**; ademais de actuacións de formacións locais que se sucederán desde que o público desembarque na illa e ata que, ao solpor, regrese aos portos de Vigo e Meirande. A cultura de club estará presente desde pola mañá pola presenza, nas *Audicións Malmequeres*, de dous nomes propios das ondas radiofónicas: **Isabel Díaz e Pedro Blázquez**. No escenario da praza de San Simón, o dúo coñecido ao seu paso por RNE ou Cadena SER recordará os comezos da chegada da música de baile en España na pioneira Radio Minuto de Barcelona.

As actuacións da grella secreta previstas para os escenarios Sinsal SON Estrella Galicia, Buxos FEST Galicia, Santo Antón Rock'n'Roll e Malmequeres darán boa conta da rica escena que se está a xerar no marco da creación musical contemporánea. Desde a fusión da **tradición andaluza coa electrónica** até unha **caixa de ritmos "vivinte"** cunha imponente despregadura física, pasando por vocalistas excepcionais que se achegan ao **idioma aviario** desde a tradición oral; tanto formacións marroquís **de música gnawa** que proporán unha viaxe sonora polo deserto ou mesmo bandas de apertura de concertos dos Rolling Stones: a xornada deste domingo 27, que se completará con **sons clásicos do pop independente** ou que beben das reminiscencias do **post punk**, quedará para sempre no recordo das asistentes ao Sinsal.

Programación paralela aos directos dos escenarios oficiais

Alén destas propostas, o público tamén poderá gozar coa **actuación sorpresa dun grupo da tradición popular galega**, ademais da interpretación que, baixo o título de **Rumbantela**, un cuarteto de saxofóns da Orquesta Clásica de Vigo ofrecerá con **músicas das festas e verbenas do país** de principios do século XX. Esta cita terá lugar na cafetería da illa, na que tamén se sucederán ao longo de todo o día as *Sesións San Simón* con Aleksander Kolkowski, as gravacións en cilindros fonográficos que rexistrarán as bandas participantes no festival.

A illa de San Simón será un **ferveiro de propostas culturais** ao longo de toda a xornada. Por unha banda, a ceo aberto, poderanse visitar tanto os 16 paneis que conforman a *Exposición de cómic A Escola Sinsal: A historia da música gravada en Galicia* coma as 7 estacións do roteiro independente *Descubre San Simón* para coñecer a memoria e patrimonio da illa. Pola outra, o público tamén poderá asistir a unha das **visitas guiadas** máis queridas: a que se realiza coas mulleres e homes da asociación do Mar de Cesantes, Amartumar. Con elas poderanse achegar non só á biodiversidade da enseada, senón coñecer os seus recursos industriais e como o cambio climático está a afectar o seu día a día.

Para o **público familiar** haberá dúas propostas diferenciadas. A cafetería acollerá as últimas sesións do laboratorio creativo *Caderno de bitácora*, vinculado á paisaxe natural de San Simón, e o Espazo Gastronomía será a sede do taller de achegamento á produción musical **Do, re, Bip**, unha proposta ideada especificamente entre A Escola Sinsal e o artista multidisciplinar Juanma LoDo para as máis pequenas da casa, que poderán facer música con froita e verduriñas.

Finalmente, na tarde do domingo 27, celebrarase a terceira e última das demostracións d'**A cociña Sinsal**. A cociñeira de Gondomar Arián Lorenzo, propietaria de Arián Chef, ofrecerá un obradoiro de cociña vexetariana con produtos de mar que proporcionará a conserveira especializada en algas de produción ecolóxica Porto Muíños.

Festival Sinsal SON Estrella Galicia

O festival Sinsal é unha iniciativa cultural que visualiza as artistas próximas á creación contemporánea da escena galega, estatal e internacional. Cada verán ofrece na illa de San Simón unha pequena mostra dos proxectos musicais máis estimulantes de formacións que proceden de Europa, África Asia ou América. A diversidade estilística, o protagonismo de

proxectos liderados por mulleres e un fondo compromiso co medio ambiente e a igualdade son os sinais de identidade dun festival cuxo cartel é secreto ata que o público desembarca na illa.

Sinsal, que celebra a súa 15ª edición na illa de San Simón, é un festival organizado e producido pola promotora viguesa SinsalAudio, e conta con SON Estrella Galicia como patrocinador principal. Ademais, o evento ten o apoio institucional tanto da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e do programa FEST Galicia, como da Deputación de Pontevedra a través de Turismo Rías Baixas -enmarcado nos Rías Baixas Fest-.

Sala de prensa (fotos de cobertura diaria): festival.sins.al/gl/prensa

Contacto (máis información, entrevistas ou acreditacións):

Lucía Pita | 675 404 321 prensa@sinsalaudio.org

festival.sins.al

ORGANIZA

SINSALAUDIO

PATROCINADOR PRINCIPAL

SON
Estrella Galicia

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo

FEST GALICIA

Rías Baixas Fest

Deputación Pontevedra | **Rías Baixas**

PATROCINADORES

GADIS

Viqueira

Morfeus

COSFERLA

PLATU

SINSAL FORMA PARTE DE

PACTO CULTURAL SOSTENTABLE
